

Guía dos Residentes de Enfermaría Familiar e Comunitaria



2019-2021

UDM de Atención Familiar e Comunitaria da Xerencia de Xestión Integrada de A Coruña

1. INTRODUCCIÓN.....	5
2. FORMACIÓN NAS UNIDADES ASISTENCIAIS.....	5
2.1. Metodoloxía da formación.....	6
3. COMPETENCIAS XERAIS	7
4. PROGRAMA FORMATIVO.....	13
4.1. Clínica e metodoloxía avanzada.....	13
4.2. A atención na infancia.....	13
4.3. A atención na adolescencia.....	13
4.4. A atención á saúde xeral na etapa adulta.....	14
4.5. A atención á saúde sexual, reprodutiva e de xénero.....	14
4.6. A atención ás persoas anciáns	15
4.7. A atención ás familias	15
4.8. A atención ante urxencias, emerxencias e catástrofes.....	15
4.9. A atención á saúde ante situacións de fragilidade ou risco sociosanitario.....	16
4.10. Competencias en saúde pública e comunitaria	16
4.11. Competencias docentes.....	17
4.12. Competencias en xestión de coidados e servizos no ámbito familiar e comunitario.....	17
4.13. Competencias en investigación	17
5. ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN NA DOCENCIA.....	18
5.1. Unidade Docente Multiprofesional de Atención Familiar e Comunitaria de A Coruña.....	18
5.2. Comisión de Docencia.....	19
5.3. Subcomisión de Docencia de Enfermaría Familiar e Comunitaria. Compoñentes:	19
5.4. Funcións da presidenta da subcomisión de Enfermaría F e C	19
5.5. Funcións do titor	20
5.6. Composición da Subcomisión de Docencia de Enfermaría Familiar e Comunitaria. A Coruña	21
5.7. Relación do persoal da Unidade Docente, titores e colaboradores docentes.....	21
6. ITINERARIOS ROTACIÓNS ASISTENCIAIS E ACTIVIDADES MÍNIMAS	22
DISPOSITIVOS DE ROTACIÓN EIR F e C 1º ANO.....	22
DISPOSITIVOS DE ROTACIÓN EIR F e C 2º ANO.....	23
6.1. Atención Primaria de Saúde I.....	24
6.2. Hospitalización a Domicilio	27
6.4. Atención Hospitalaria: Consulta de Educación Diabetolóxica	28
6.5. Atención Hospitalaria: Probas Funcionais de Pneumoloxía.....	29
6.6. Atención Hospitalaria: Probas Funcionais Cardiolóxicas	30
6.7. Atención Hospitalaria: Consulta de Ostromías	31
6.8. Atención Hospitalaria: Urxencias de Adultos.....	32
6.9. Atención Hospitalaria: Urxencias Pediátricas	33
6.10. Atención Urxencias Extrahospitalarias: Urxencias 061.....	34
6.11. Atención Urxencias de Adultos: Punto de Atención Continuada (PAC).....	35

6.12. Saúde Pública	36
6.13. Atención Primaria de Saúde II.....	37
6.14. Atención Hospitalaria: Obstetricia e Partos.....	39
6.15. Asociación Cidadá de Loita contra A Droga (ACLAD).....	40
6.16. Hospital de Día de Psiquiatría	41
7. ACTIVIDADE DOCENTE E FORMATIVA.....	43
7. 1. Cursos obrigatorios	43
7.2. Sesións a impartir.....	44
7.3. Talleres a impartir	44
7.4. Desenvolvemento dunha pregunta clínica segundo a Práctica Clínica Baseada na Evidencia	44
7.5. Reflexión sobre un incidente crítico	45
7.7. Traballo de investigación	45
8. XORNADA LABORAL, NORMATIVA DE GARDAS E SOLICITUDE E CONCESIÓN DE VACACIÓNS E OUTROS PERMISOS	45
8.1. Xornada laboral.....	45
8.2. Gardas e quendas de Atención Continuada.....	46
8.3. Vacacións e outros permisos	47
8.4. Permisos por asistencia a cursos e xornadas/congresos	47
8.5. Ausencia por enfermidade.....	47
9. PLAN DE AVALIACIÓN: AVALIACIÓN FORMATIVA, ANUAL E FINAL	47
Anexo 1	49
Avaliación da aprendizaxe polo titor ou titor colaborador.....	49
Anexo 2	50
Cuantificación dos obxectivos do programa de formación	50
Anexo 3	51
Memoria Reflexiva do residente.....	51
Anexo 4	52
Avaliación da rotación por parte do residente	52
Anexo 5	53
Acta da entrevista titor-residente.....	53
Guión da Entrevista titor-residente	54
Metodoloxía da entrevista.....	55
Anexo 6	56
Acta de sesións impartidas	56
Anexo 7	57
Actas de talleres realizados.....	57
Anexo 8	58
Informe de reflexión do incidente crítico	58
Anexo 9	59
Acta de entrega do desenvolvemento dunha pregunta clínica	59



Anexo 10	60
Avaliación da Unidade Docente Multiprofesional de Atención Familiar e Comunitaria por parte do residente	60
Anexo 11	61
Acta de Presentación do Traballo de Investigación	61
Anexo 12	62
Libro do Residente. Estrutura	62
Anexo 13	64
Relación de persoal da Unidade Docente, titores, colaboradores docentes e contactos	64
Direccións da Unidade Docente e os dispositivos externos	69

1. INTRODUCCIÓN

Tras o primeiro paso dado polo Real Decreto 992/1987 do 3 de xullo, sobre obtención do título de Enfermeiro Especialista, o novo Real Decreto 450/2005, do 22 de abril, sobre especialidades de enfermaría posibilitou finalmente o nacemento da especialidade de Enfermaría Familiar e Comunitaria (EFc) coa Orde SAS/1729/2010, de 17 de xuño. A formación da Enfermeira Interna Residente (EIR) organízase como unha Subunidade Docente de EFc dentro dunha Unidade Docente Multiprofesional de Atención Familiar e Comunitaria (UD AFc) na Xerencia de Xestión Integrada da Coruña. Conseguiuse a acreditación con 6 prazas de EIR. Isto publícase na Orde SPI/2548/2011, de 19 de setembro, pola que se aproba a convocatoria de proba selectiva 2011, para o acceso no ano 2012, a prazas de formación sanitaria especializada para graduados/diplomados en Enfermaría.

A Guía Formativa é a adaptación das condicións concretas de cada Xerencia de Xestión Integrada e de cada Unidade Docente (UD) ao Programa Oficial da Especialidade publicado no BOE. Esta guía é elaborada polo/s titor/es de cada unidade docente seguindo as directrices ditadas pola Comisión Docente (SCO/581/2008). As competencias e actividades mínimas requiridas para ser especialista establecéronse na Orde SAS/1729/2010, de 17 de xuño, pola que se aproba o programa formativo da especialidade de Enfermaría Familiar e Comunitaria.

As directrices para a elaboración do Plan Formativo individual son establecidas pola Comisión de Docencia tomando como base a Guía Formativa, e tendo en conta non só as competencias adquiridas polo residente senón tamén as pendentes de adquirir, de acordo cos resultados das avaliacións tanto formativas como sumativa do mesmo. Seguindo estas directrices, os tutores serán os encargados da elaboración deste Plan Formativo Individual e da planificación temporal e individual das actividades formativas teórico prácticas, rotación e gardas dos residentes.

A formación práctico-clínica constitúe o eixe central do programa, xa que o sistema de residencia consiste fundamentalmente en “aprender facendo”. Para adquirir as competencias prioritarias e as competencias avanzadas correspondentes a este programa, os responsables da formación (tutores) levarán a cabo estratexias docentes que axuden ao pensamento crítico e permitan a integración teórica coa formación clínica e investigadora. As competencias avanzadas que conforman o perfil profesional inscríbense no marco dos principios de interdisciplinariedade e multidisciplinariedade dos equipos profesionais na atención sanitaria que contempla a Lei 44/2003, de 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias.

O Real Decreto 183/2008, de 8 de febreiro, polo que se determinan e clasifican as especialidades en Ciencias da Saúde e se desenvolven determinados aspectos da formación sanitaria especializada determina o acceso á formación, a súa organización, supervisión, avaliación e acreditación de unidades docentes multiprofesionais de Atención Familiar e Comunitaria.

O propósito desta Guía é describir a aplicación do programa formativo da especialidade de enfermaría familiar e comunitaria na Unidade Docente Multiprofesional de AF e C da Coruña.

2. FORMACIÓN NAS UNIDADES ASISTENCIAIS

O propósito da formación nas Unidades Asistenciais é proporcionar aos profesionais de Enfermaría, coñecementos, habilidades e actitudes respecto ás diferentes actuacións de Enfermaría en Atención Familiar e Comunitaria que o capaciten para responder

axeitadamente no coidado dos individuos, familias e grupos nos diferentes niveis de atención e que, baixo unha filosofía de traballo de calidade, lle permitan facerse cargo da dinámica e funcionamento de cada un dos dispositivos da Rede de atención familiar e comunitaria (responsabilizándose de todos os individuos/pacientes ou actividades que abrangan o devandito dispositivo), xestionando de forma eficaz e eficiente os recursos dispoñibles, cun compromiso de mellora continua da calidade.

2.1. Metodoloxía da formación

a) **Autoaprendizaxe titorizada:** Metodoloxías activas centradas na aprendizaxe, nas que o residente adquire a responsabilidade do proceso baixo a guía e orientación do titor. Pode levarse a cabo de diferentes formas:

- Utilización de ferramentas de aprendizaxe por parte do residente: portafolios docente e **Libro do residente**.
- Aprendizaxe dirixida: lecturas ou visualizacións recomendadas (libros, vídeos, artigos de interese, páxinas web, etc.), aprendizaxe baseada na resolución de problemas, discusión de casos e problemas prácticos.
- Realización de cursos interactivos a distancia.
- Asistencia a cursos, simposios, congresos e talleres relacionados coas áreas de coñecemento da Enfermaría Familiar e Comunitaria.
- Preparación e exposición de sesións formativas.

b) **Autoaprendizaxe de campo:** realización da formación en situacións reais da práctica asistencial, na que o residente vive de forma crítica e reflexiva a situación real na que ten lugar a súa autoaprendizaxe. Está indicada especialmente para a adquisición e aprendizaxe da complexidade das funcións e da toma de decisións como profesional. Pode levarse a cabo de diferentes formas:

- Observación directa: o residente ve o que fai o titor.
- Intervención titorizada: o residente realiza as súas actividades ante a presenza do titor, en tanto aínda non adquiriu a competencia que lle permita asumir totalmente a responsabilidade da actividade.
- Intervención directa: non supervisada directamente polo titor cando este xa comprobou a adquisición da competencia da actividade que o residente vai realizar de forma autónoma.
- Obtención de información por outras vías indirectas: auditoría de historias, opinión dos pacientes, opinión doutros compañeiros do equipo, ...
- Vídeo-gravacións de intervencións do residente e posterior análise co titor.

- Traballos de campo.

c) **Sesións de transmisión de información:** o titor transmite información complexa sobre unha materia concreta para favorecer a creación dun marco conceptual. Pode utilizar o material de apoio visual ou de demostración que considere necesario para favorecer a comprensión. As sesións poden ser:

- Lección maxistral clásica.
- Clase participativa (a máis recomendada)

d) **Sesións de discusión:** a aprendizaxe está baseada na discusión de temas ou problemas entre os residentes e o responsable da formación. Consiste en aproveitar a interacción entre os diferentes membros do grupo. Indicado para traballar habilidades ou procedementos. Poden celebrarse:

- Seminarios.
- Sesións de resolución de casos, sesións clínicas.
- Talleres

e) **Sesións prácticas:** o residente ensaia e aprende a tarefa que terá que levar a cabo despois. Moi indicado para traballar as actitudes. Poden ser:

- Situacións reais
- Situacións simuladas: xogos de rol, traballos de grupo, simuladores, programas informatizados, ...

3. COMPETENCIAS XERAIS

Tras o seu paso polos diferentes programas asistenciais, o Enfermeiro Interno Residente (EIR) deberá ser capaz de:

- 1) Coñecer a estrutura e o funcionamento do equipo, así como a súa organización.
- 2) Aplicar modelos conceptuais para a práctica da enfermaría no ámbito da atención familiar e comunitaria.

- 3) Utilizar o proceso enfermeiro de valoración do estado de saúde, identificación de problemas de saúde/diagnósticos enfermeiros e obxectivos do usuario (familia ou grupo), planificación de intervencións de tratamento enfermeiro e avaliación dos resultados.
- 4) Establecer unha comunicación efectiva e relación terapéutica con pacientes, familias e grupos sociais no ámbito da especialidade.
- 5) Realizar técnicas diagnósticas e terapéuticas especialmente relacionadas coa prevención e o control de enfermidades crónicas máis prevalentes.
- 6) Planificar, dirixir, desenvolver e avaliar, xunto con outros especialistas e profesionais, programas de atención ás enfermidades crónicas presentes no ámbito familiar e comunitario.
- 7) Usar e indicar o uso de fármacos e outros produtos sanitarios vinculados aos cuidados de enfermaría no ámbito da atención familiar e comunitaria, de acordo coa lexislación vixente, con especial atención aos procesos de cronicidade e ás situacións de dependencia.
- 8) Integrar e indicar outras medidas terapéuticas non farmacolóxicas como dieta, técnicas de relaxación ou exercicio físico nas alteracións de saúde máis frecuentes no ámbito da especialidade, con especial atención aos procesos de cronicidade e ás situacións de dependencia.
- 9) Planificar, dirixir, desenvolver e avaliar, xunto con outros especialistas e profesionais, programas de cirurxía menor nos ámbitos de intervención da enfermaría familiar e comunitaria.
- 10) Detectar situacións que precisen a coordinación ou derivación a outros profesionais, especialistas ou niveis de atención.
- 11) Traballar en equipo, en atención familiar e comunitaria.
- 12) Documentar e rexistrar o proceso de atención utilizando as novas tecnoloxías da información e comunicación no ámbito de actuación da especialidade.
- 13) Manexar os conflitos éticos e legais que se formulen como consecuencia da práctica da enfermaría familiar e comunitaria, para solucionarlos ou no seu caso remitilos a outras instancias.
- 14) Xestionar, liderar e desenvolver a atención familiar e comunitaria dende a perspectiva da seguridade do paciente.
- 15) Liderar, deseñar e aplicar unha atención sanitaria e uns cuidados de enfermaría familiar e comunitaria baseados na xestión de casos.

- 16) Valorar sistematicamente, dentro do contexto familiar e comunitario, o desenvolvemento infantil nos seus aspectos físicos, psicolóxicos, culturais, ambientais e sociais.
- 17) Promover a saúde dos nenos e as nenas na familia e na comunidade, con especial atención á escola.
- 18) Previr a enfermidade dos nenos e as nenas no contexto familiar e comunitario.
- 19) Prestar coidados especializados no ámbito comunitario, xunto con outros especialistas e outros profesionais cando for preciso, nas situacións de: alteracións do desenvolvemento infantil, problemas de saúde de tipo agudo, discapacidades e problemas crónicos de saúde.
- 20) Valorar o desenvolvemento do adolescente nos seus aspectos biolóxico, psicolóxico e social.
- 21) Promover a saúde dos adolescentes nos seus aspectos biolóxico, psicolóxico e social, tanto individual como grupalmente.
- 22) Previr a enfermidade dos adolescentes nos seus aspectos biolóxico, psicolóxico e social.
- 23) Previr os accidentes dos adolescentes e as súas secuelas.
- 24) Prestar coidados especializados ao adolescente con problemas de saúde no ámbito comunitario, xunto con outros especialistas e outros profesionais cando for preciso.
- 25) Fomentar o desenvolvemento sexual e a identidade de xénero, detectando posibles dificultades.
- 26) Contribuír a que as familias aborden eficazmente a crise da adolescencia.
- 27) Planificar, desenvolver, executar e avaliar programas de promoción da saúde e prevención da enfermidade do adulto nos seus aspectos biolóxicos, psicolóxicos e sociais prevalentes na idade adulta, tanto individual como grupalmente.
- 28) Planificar, executar e avaliar programas de xestión dos coidados ás persoas con enfermidade ou dependencia en termos de igualdade, desenvolvéndoos, tanto nos dispositivos sanitarios como no ámbito familiar ou domiciliario e comunitario.
- 29) Identificar e actuar en situacións de violencia, especialmente ante a violencia de xénero.
- 30) Planificar, executar e avaliar programas en relación coa cronicidade ou minusvalía, desenvolvéndoos tanto nos dispositivos sanitarios como no ámbito familiar ou domiciliario e comunitario.
- 31) Promover a saúde sexual e reprodutiva en homes e mulleres.

- 32) Intervir en programas de atención á saúde sexual e reprodutiva en poboacións con necesidades especiais como discapacitados, persoas en risco de exclusión social, etc.
- 33) Promover a saúde durante o embarazo, parto e puerperio no ámbito familiar e comunitario e participar con outros membros do equipo e/ou especialistas na planificación, dirección, coordinación e avaliación de actividades específicas.
- 34) Promover a saúde da muller e o home nas súas etapas climatéricas.
- 35) Potenciar a prevención e detección precoz do cancro xenital masculino e feminino e o de mama.
- 36) Detectar e actuar en situacións de violencia de xénero.
- 37) Previr, detectar e intervir nos problemas de saúde das mulleres e os homes ligados ao xénero no ámbito comunitario.
- 38) Planificar, desenvolver, executar e avaliar programas de promoción da saúde das persoas anciás no seu ámbito familiar e comunitario.
- 39) Planificar, desenvolver, executar e avaliar, xunto con outros profesionais e especialistas, programas de prevención das complicacións e problemas de saúde máis frecuentes nos maiores no seu ámbito familiar e comunitario.
- 40) Detectar e intervir de modo precoz sobre os problemas de saúde prevalentes nos maiores no seu ámbito familiar e comunitario.
- 41) Detectar e intervir precozmente en situacións de fragilidade ou illamento social das persoas anciás.
- 42) Desenvolver programas de saúde para a atención en situacións de dependencia.
- 43) Xestionar a capacitación das persoas cuidadoras familiares para a atención do ancián no ámbito familiar.
- 44) Xestionar os cuidados dirixidos ás persoas cuidadoras familiares no ámbito familiar.
- 45) Identificar e mobilizar os recursos (proprios, da rede social e/ou comunitaria) que mellor se adapten ás necesidades dos maiores e os seus cuidadores.
- 46) Identificar necesidades e promover o uso axeitado de materiais e instrumentos de axuda e adaptación necesarios para realizar as actividades básicas da vida cotiá.
- 47) Coidar no seu entorno ao paciente e á súa familia no final da vida, respectando as súas decisións.

- 48) Planificar, dirixir, desenvolver e avaliar programas de cuidados integrais dirixidos a promover a saúde e previr problemas nas familias, en contextos de saúde e con especial atención nos de risco de enfermidade.
- 49) Relacionar a influencia que sobre a familia teñen os problemas de saúde no plano cognitivo, no das emocións, no das actividades cotiás e no plano das relacións interpersoais, así como a influencia da dinámica familiar sobre os problemas de saúde.
- 50) Realizar intervencións que promovan a saúde e preveñan problemas familiares, con especial atención ás situacións problemáticas e de crise.
- 51) Previr e detectar a violencia intrafamiliar.
- 52) Xestionar programas comunitarios e familiares de prevención e detección de crise e de violencia intrafamiliar.
- 53) Actuar individualmente e/ou en equipo ante situacións de urxencia.
- 54) Colaborar na prevención e intervención en situacións de emerxencia e catástrofes.
- 55) Fomentar a saúde e a integración de grupos excluídos ou en risco de exclusión social (inmigrantes, minorías étnicas e outros colectivos).
- 56) Xestionar intervencións ligadas a problemas de: inmigración, minorías étnicas, discapacidade, subdesenvolvemento, marxinação e outros.
- 57) Detectar e intervir precozmente en situacións de fragilidade socio-sanitaria das persoas en todas as etapas vitais.
- 58) Analizar a situación de saúde da comunidade e planificar e desenvolver programas de promoción da saúde comunitaria.
- 59) Planificar e desenvolver programas de educación para a saúde na comunidade.
- 60) Deseñar, executar e avaliar programas de vixilancia epidemiolóxica.
- 61) Fomentar e xestionar a participación comunitaria.
- 62) Establecer unha comunicación efectiva con institucións, servizos comunitarios e cos diferentes niveis de atención dos servizos de saúde.
- 63) Planificar e desenvolver accións sobre a saúde ambiental.
- 64) Colaborar con outros especialistas e profesionais nos programas de saúde nos ámbitos laborais da comunidade.

- 65) Coñecer o sistema de información, seguimento e control de accidentes laborais e enfermidades profesionais.
- 66) Identificar e valorar as necesidades de formación e os factores que inflúen na aprendizaxe de coidados no ámbito familiar e comunitario, que permitan dar unha resposta eficaz e eficiente.
- 67) Elaborar os obxectivos de aprendizaxe.
- 68) Determinar o plan de ensino que mellor se adapte ás necesidades/demandas identificadas.
- 69) Decidir as fórmulas pedagóxicas que se han de utilizar e que mellor se adapten a cada caso concreto.
- 70) Xestionar e facilitar a preparación e utilización axeitadas do material didáctico necesario para impartir o ensino.
- 71) Xestionar a aplicación do plan de ensino. Avaliar a consecución da aprendizaxe das persoas e do ensino polas persoas.
- 72) Deseñar textos de divulgación: folletos, protocolos, artigos de opinión.
- 73) Liderar, coordinar e dirixir os procesos de xestión clínica de coidados, pacientes, familias e grupos sociais no ámbito da especialidade.
- 74) Xestionar, liderar e coordinar grupos de traballo e o traballo en equipo de enfermaría e multidisciplinar.
- 75) Xestionar, liderar e coordinar a continuidade de coidados individuais, familiares e comunitarios e os servizos sanitarios.
- 76) Xestionar os sistemas de información relativos á práctica profesional e propoñer melloras no desenvolvemento da documentación clínica no ámbito de actuación da especialidade.
- 77) Xestionar, liderar e coordinar a mellora continua da calidade dos coidados.
- 78) Basear a súa práctica clínica e a dos equipos que lidera na mellor evidencia dispoñible.
- 79) Xerar coñecemento científico.
- 80) Difundir o coñecemento científico.

4. PROGRAMA FORMATIVO

4.1. Clínica e metodoloxía avanzada

Breve descripción dos contidos, actitudes e habilidades:

- Enfoque holístico dos problemas de saúde.
- Manexo avanzado da metodoloxía e taxonomías de linguaxe enfermeira en Enfermería Familiar e Comunitaria (EFEC). Comunicación terapéutica. Empatía. Técnicas avanzadas en EFEC seguras para o paciente e baseadas na evidencia.
- Técnicas para a execución das intervencións diagnósticas e terapéuticas. Uso de fármacos, produtos sanitarios e outras abordaxes terapéuticas habituais na EFEC.
- Diferentes modelos e ferramentas de coordinación e continuidade de cuidados entre os distintos niveis de atención sanitaria.
- Impacto económico eficiente para o sistema sanitario. Responsabilidade coa optimización dos recursos sanitarios.

4.2. A atención na infancia

Breve descripción dos contidos, actitudes e habilidades:

- Procesos de desenvolvemento do neno e ferramentas de valoración (escalas, exploración, métodos e sistemas). Dinámicas e adaptacións familiares en relación ao neno e co seu estado de saúde. Métodos de educación para a saúde adaptados ao ámbito escolar. Programas de vacinación.
- Abordaxe integral da saúde do neno no seu ámbito/unidade sociofamiliar. Respecto polos dereitos dos nenos.
- Aplicación de escalas e sistemas de valoración. Técnicas de educación para a saúde infantil.
- Aplicación e adaptación das pautas de vacinación.

4.3. A atención na adolescencia

Breve descripción dos contidos, actitudes e habilidades:

- Procesos de desenvolvemento global do adolescente, instrumentos e estratexias de valoración. Educación para a saúde do adolescente, con especial atención á saúde sexual e de xestión de riscos. Dinámicas e adaptacións familiares en relación co adolescente.
- Integridade da saúde dos adolescentes e as súas familias. Empatía e relación terapéutica cara a este grupo de idade.
- Comunicación eficaz con adolescentes. Relación de confianza e axuda. Negociación. Manexo do Método de Resolución de Problemas.

4.4. A atención á saúde xeral na etapa adulta

Breve descrición dos contidos, actitudes e habilidades:

- Riscos físicos, químicos, biolóxicos e sociais relacionados coa alteración da saúde na persoa adulta. Medidas de prevención dos problemas específicos de saúde prevalentes na comunidade. Coidados especializados e terapéutica específica.
- Enfoque integral, biopsicosocial, da saúde. Enfoque de risco na valoración e intervención sanitaria. Respecto polas decisións da persoa.
- Manexo das escalas de valoración e tests clinimétricos estandarizados. Habilidades clínicas necesarias para prestar coidados especializados. Técnicas de reconversión cognitiva e reforzo conductual. Técnicas de comunicación efectivas. Metodoloxía de atención domiciliaria.

4.5. A atención á saúde sexual, reprodutiva e de xénero

Breve descrición dos contidos, actitudes e habilidades:

- Saúde sexual: educación e asesoramento. Anticoncepción no entorno comunitario. Adaptacións da muller e do entorno ante o embarazo e o puerperio. Parto de emerxencia extrahospitalario. Técnicas e recursos para a prevención e detección precoz do cancro xenital feminino e masculino, e de mama. Afrontamento eficaz dos cambios climatéricos. Condicionantes de xénero na saúde. Problemas de saúde en relación coa violencia de xénero.
- Visión da saúde desde a perspectiva de xénero. Concepción holística da sexualidade. Respecto polas propias decisións relacionadas coa sexualidade e a reprodución. Empatía coas vítimas da violencia de xénero.
- Educación para a saúde. Confianza, confidencialidade e comunicación terapéutica.

4.6. A atención ás persoas anciáns

Breve descripción dos contidos, actitudes e habilidades:

- Factores de risco para a saúde global do ancián, técnicas e escalas para a súa valoración. Estratexias de afrontamento eficaz. Atención ao ancián «fráxil». Sexualidade e afectividade na persoa anciá. Recursos sociosanitarios de apoio ao coidado da persoa dependente e a súa familia. A atención domiciliaria ao ancián. A coidadora como receptora de coidados. O proceso de final de vida no ámbito comunitario. Xestión de situacións de dó. Situacións de violencia contra as persoas anciás.
- Respecto polas opcións persoais, culturais e relixiosas das persoas. Empatía ante as situacións de perda (dó).
- Uso de escalas de valoración. Traballo con grupos. Estimulación física e sensorial.

4.7. A atención ás familias

Breve descripción dos contidos, actitudes e habilidades:

- A familia, estrutura, dinámica, tipos e ciclo vital familiar. As relacións de poder na familia, os roles e as regras, a expresión dos sentimentos. As relacións conxugais. Os conceptos da estratexia sistémica de intervención familiar. Os instrumentos de atención familiar: xenograma, cuestionarios específicos (APGAR familiar, apoio social, acontecementos vitais estresantes...). A orientación familiar anticipada. Intervención con familias con crises prevalentes: loitos, membros con condutas aditivas, enfermidade mental, en final de vida, chegada de novos fillos... A vivenda como espazo de convivencia e condicionante da saúde. A perspectiva familiar nos problemas de saúde individual. O rol do coidador familiar. A violencia intrafamiliar. Dinámica de grupos.
- Percepción da familia como xestora de saúde. Aceptación e valoración da capacidade da familia para a promoción da súa saúde. Respecto polas decisións da familia.
- Negociación. Entrevista con parellas e familias. Manexo de instrumentos de abordaxe familiar. Traballo con grupos. Traballo coas familias en condicións de igualdade (o paternariado).

4.8. A atención ante urxencias, emerxencias e catástrofes

Breve descripción dos contidos, actitudes e habilidades:

- Protocolos de actuación urxente. Técnicas de soporte vital avanzado. Mobilización e transporte de pacientes en situación de urxencia. Técnicas de priorización de problemas.

- Liderado e capacidade de coordinación. Serenidade na toma de decisións.
- Manexo de situacións de crise e estrés. Capacidade de toma de decisións. Aplicación das técnicas de soporte vital, mobilización e transporte de pacientes.

4.9. A atención á saúde ante situacións de fragilidade ou risco sociosanitario

Breve descrición dos contidos, actitudes e habilidades:

- Factores de risco relacionados coas situacións de marxinación e illamento social. Problemas sociosanitarios máis frecuentes neste tipo de poboación. Recursos existentes.
- Actitude proactiva na busca de condicións sociais de risco. Empatía, tolerancia e comprensión de actitudes diferentes. Respetto polos outros.
- Estratexias de abordaxe e afrontamento de situacións de marxinación social. Enfoque de risco na valoración de persoas e familias. Expresión e comunicación noutras linguas (linguaxe de signos, outros idiomas etc.) Dinamización de grupos e comunidades para fomentar a solidariedade intergrupala.

4.10. Competencias en saúde pública e comunitaria

Breve descrición dos contidos, actitudes e habilidades:

- Programas de promoción e educación para a saúde. Métodos e técnicas de investigación social. Marco xurídico básico e medidas sobre protección e control ambiental e seguridade alimentaria. Sistemas de información e vixilancia sobre saúde e epidemioloxía. A Xestión de recursos comunitarios. Enfoque multicultural da saúde.
- Fomento da participación comunitaria. Respetto polo medio e polo desenvolvemento sostible. Respetto polas outras culturas e formas de vida. Recoñecemento da comunidade como núcleo de acción dos coidados.
- Liderado da promoción e vixilancia da saúde na comunidade. Desenvolvemento de estratexias de intervención na comunidade que fomenten a participación comunitaria. Planificación, deseño e implementación de medidas para a protección e prevención de riscos para a saúde. Comunicación e traballo con grupos.

4.11. Competencias docentes

Breve descripción dos contidos, actitudes e habilidades:

- Planificación educativa. Estratexias educativas. Deseño e avaliación de materiais educativos. Técnicas de avaliación de aprendizaxe.
- Accesibilidade e supresión de barreiras para a comunicación. Respecto polas opcións e procesos de aprendizaxe individual. Empatía. escoita activa.
- Comunicación. Uso das Técnicas de Información e Comunicación (TICs). Auto-aprendizaxe auto-dirixido (aprender a aprender).

4.12. Competencias en xestión de coidados e servizos no ámbito familiar e comunitario

Breve descripción dos contidos, actitudes e habilidades:

- Bases metodolóxicas da xestión clínica: a xestión por procesos e modelos de xestión. A Práctica Clínica Baseada na Evidencia (PCBE) como instrumento para a xestión clínica: toma de decisións, variabilidade na práctica clínica, guías de práctica clínica e avaliación da práctica. Utilidade dos estudos de eficiencia e custo-efectividade. O liderado e a súa influencia como elemento coordinador e dinamizador de equipos. Estrutura e organización do sistema sanitario en todos os seus niveis. Modelos de organización dos EAP. Mellora continua da calidade. Avaliación global e sistemática da organización.
- Actitude positiva cara a avaliación e o coñecemento do erro como método de mellora. Recoñecemento do valor do traballo en equipo.
- Resolución de conflitos. Interpretación de indicadores de uso máis frecuente en Atención Primaria. Uso dos programas informáticos utilizados en AP. Elaboración de criterios ou normas de calidade a partir das evidencias científicas. Identificación e documentación dos procesos asistenciais, elaborando guías de práctica clínica baseadas na evidencia.

4.13. Competencias en investigación

Breve descripción dos contidos, actitudes e habilidades:

- Busca de información relevante. Protocolos, procedementos e guías de práctica clínica. A ética da investigación. A lóxica do proceso de investigación. Estratexias de investigación cualitativa e cuantitativa. Estatística e análise de datos

cualitativos. Coñecemento de liñas prioritarias de investigación en enfermería familiar e comunitaria. Normas para exposicións de comunicacións científicas orais e escritas nos medios máis utilizados en enfermería familiar e comunitaria.

- Actitude reflexiva ante a práctica clínica e inquietude científica. Inquietude por formularse e dar resposta ás preguntas xurdidas da práctica. Interese para que o cidadán reciba os cuidados de enfermería de máis alta calidade. Práctica Clínica Baseada na Evidencia (PCBE). Sensibilidade para compartir o coñecemento e que a disciplina enfermeira avance.
- Manexo das principais fontes de guías clínicas. Realización dunha lectura crítica de publicacións científicas. Elaboración de preguntas de investigación no ámbito da súa especialidade. Coordinación e traballo en equipos de investigación. Comunicación para exposición en público. Escritura científica.

5. ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN NA DOCENCIA

5.1. Unidade Docente Multiprofesional de Atención Familiar e Comunitaria de A Coruña

A Unidade Docente Multiprofesional de Atención Familiar e Comunitaria segundo o capítulo III do Real Decreto 183/2008, de 8 de febreiro, polo que se determinan e clasifican as especialidades en Ciencias da Saúde e se desenvolven determinados aspectos do sistema de formación sanitaria especializada (BOE. núm. 45 do 21 de febreiro), relativo aos órganos docentes de carácter colexiado, adscribíse á Comisión de Docencia, que ten como misión a organización da formación e a supervisión e aplicación práctica do programa formativo da especialidade, así como o establecemento de plans individuais para cada especialista en formación.

A Unidade é un conxunto de recursos persoais, asistenciais e de proceso, sendo o obxectivo o desenvolvemento do proceso formativo dos residentes da especialidade de Enfermaría Familiar e Comunitaria, a partir dunha actividade docente asistencial e mediante a asunción progresiva de responsabilidades. Para iso dispoñemos dunha ferramenta formativa específica, o programa nacional da especialidade, e para a súa valoración, o plan avaliativo global das Unidades docentes de Galicia (PEG).

A valoración da Unidade por parte do residente debe servir para corrixir e adecuar a formación en función das deficiencias detectadas en cada un dos instrumentos postos en marcha. Así mesmo, interézanos que o residente tamén avalíe a formación que recibe por parte do seu titor e das diversas rotacións hospitalarias e extrahospitalarias que realiza. A implicación do titor é fundamental neste proceso, el debe acompañar ao residente e axudalo a alcanzar a madurez e a responsabilidade progresiva.

Finalmente a Unidade Docente ten que detectar os problemas e ofrecer solucións, dar apoio e recoñecemento ao traballo realizado, que fomente a participación na toma de decisións, ser accesible e facilitar as relacións persoais, apoiar e incentivar a investigación e, non menos importante, debe ser o instrumento que una a participación de todas as persoas que conforman o noso escenario: titores, directivos da xerencia, colaboradores docentes, técnicos de saúde, en torno á figura do residente, para que se sinta acollido, valorado e escoitado; este é o seu Servizo e deberá ser o seu referente.

5.2. Comisión de Docencia

Están determinadas no apartado I do Acordo da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde publicado na **Orde SCO/ 581/2008, de 22 de febreiro** (BOE núm. 56 de 5 de marzo). Entre elas está a de participar no proceso de acreditación e reacreditación de titores.

